

ELABORACIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

As **consideracións** seguintes son para ter en conta de cara a elaboración e a presentación de traballos dentro da materia “Prevención de lesións na práctica deportiva”.

Pódense presentar en papel ou en CD/DVD. No caso de empregar imaxes, fotos, vídeos,...., aínda que se presente en papel, deberá acompañarse co CD/DVD/VHS pertinente. O traballo, se non foi entregado antes, entregarase o día de clase previo ao da exposición do mesmo.

O traballo non é preciso entregalo impreso en color, agás que as imaxes ou figuras que conteña así o aconsellen para o seu mellor entendemento.

En caso de presentar CD/DVD/VHS, ten que levar escrito o nome d@ s autor@s e o título do traballo.

En canto ao **estilo**: deixarase espacio simple entre liñas, deixando un espacio en branco entre parágrafo e parágrafo; marxes de 3 cm na marxe esquerda e de 2,5 cm na dereita, arriba e abaixo; empregarase a letra tipo *Times New Roman* ou *Arial Narrow* a tamaño 12, ou ben *Comic Sans MS*, *Arial* ou *Verdana* a tamaño 10; e entregarase o traballo en formato word, independentemente de que se queira entregar tamén noutros formatos (por exemplo, en pdf).

Na **primeira páxina** figurará: o título do traballo, o nome completo d@/@s alumn@/@s responsable/es do traballo (co enderezo-e e número de móbil ou teléfono onde se lle poida localizar), nome da materia e se foi escollida como optativa de orientación ou como libre elección e curso ao que pertence @ alumn@.

A **segunda páxina** (e a terceira se fose preciso) debe conter o índice do traballo, xunto coa paxinación do mesmo.

A partir da páxina do índice exponse o traballo, onde cada **apartado** do mesmo vai en maiúsculas, negriña e numerado (con números arábigos). Entre apartados deberá deixarse un dobre espacio en branco.

En caso de existir **subapartados**, estes numeraranse con números arábigos (1.1., 1.2.,...., por exemplo), irán en minúsculas e en negriña.

En caso de empregar **figuras e/ou táboas**, estas deberán estar numeradas, levar título e, no texto do traballo, indicar en qué punto do mesmo estaría incluída dita figura e/ou táboa.

Toda a información que non sexa orixinal de quen faga o traballo e tómesese doutras fontes de información, débese referenciar (segundo o modelo que establece a APA, *American Psychological Association*).

Exemplos de **referencias**:

- Se é un autor:
 - De acordo con Rodríguez (2006), o grao de coñecemento virá determinado...
 - ... polo que os beneficios do método poden mellorar a calidade de vida das persoas de mediana idade, así como aos maiores de 65 anos (Betz, 2005).
 - Xa no ano 1998, González estudou a conexión entre o proceso de recuperación funcional e...
- Se son dous autores, sempre aparecen os apelidos dos dous en tódalas citas.
- Se son 3, 4 ou 5 autores, só se citan todos a primeira vez. A partir desta, só se cita o apelido do primeiro ao que lle segue a expresión “et al.” e o ano de publicación.
 - A primeira vez sería: Lange, Unnithan, Larkam e Latta (2000)
 - A segunda e desá en diante: Lange et al. (2000)

- Se son 6 ou máis, so se pon o apelido do primeiro autor seguido da expresión “et al.” e o ano de publicación xa dende a primeira vez.
- Se a cita ou o comentario foi feito por varios autores, indicaranse todas as citas seguidas separadas por punto e coma:
 - Nalgúns estudos (González, 1998; Betz, 2005; Rodríguez, 2006) aseguran...
- Cando se fagan citas literalmente, estas deben ir acompañadas d@/@s autor/es, ano e páxina, ademais de ir entre comillas:
 - “Short-term memory is considered to be limited to five to nine separate pieces of information (Lange, Unnithan, Larkam e Latta, 2000, p. 104).”

Despois do texto do traballo e antes da bibliografía, engadirase un apartado de **agradecementos** en caso de ter que facer indicación expresa a unha axuda, colaboración ou indicación relevante para o traballo por parte de alguén.

O último apartado do traballo será o da **bibliografía** (por orde alfabético según o primeiro apelido do primeiro autor). Para a mesma, deberase **seguir as indicacións da APA** (é a máis axeitada polo ámbito no que está encadrada a Titulación, polo que non sigades a empregada na Guía Docente da materia, elaborada coa normativa de Vancouver, a máis empregada no ámbito das Ciencias da Saúde na que se encadra a Fisioterapia, área á que pertencen o profesor da materia). Algúns exemplos:

- **Publicacións periódicas (revistas), con exemplos de un, dous ou varios autores:**

Esquema: Apelidos, Inicial do nome do autor. (ano de publicación). Título. *Nome da revista, número* (volume, se o ten), páxinas.

 - Latey, P. (2001). The Pilates method: history and philosophy. *Journal of Bodywork and Movement Therapies*, 5(4), 275-282.
 - Craft, L.L., & Perna, F.M. (2004). The benefits of exercise for the clinically depressed. *The Primary Care Companion to the Journal of Clinical Psychiatry*, 6(3), 104-111.
 - Lange, C., Unnithan, V.B., Larkam E., & Latta, P.M. (2000). Maximizing the benefits of Pilates-inspired exercise for learning functional motor skills. *Journal of Bodywork and Movement Therapies*, 4(2), 99-108.
- **Libros, tanto se é a primeira edición como se é unha nova edición:**

Esquema: Apelidos, Inicial do nome do autor. (ano de publicación). *Título*. (número de edición se a houbera). Lugar da publicación: editorial.

 - Guerrero Morilla, R., & Pérez Moreno, B.A. (2001). *Prevención y tratamiento de lesiones en la práctica deportiva*. Jaén: Formación Alcalá.
 - Arnheim, D.D. (1994). *Medicina deportiva. Fisioterapia y entrenamiento atlético*. (2ª ed.). Madrid: Mosby / Doyma Libros.
- **Capítulos de libros:**

Esquema: Apelidos, Inicial do nome do autor do capítulo. (ano de publicación). Título do capítulo. En Apelidos, Inicial do nome do autor/editor do libro. (no caso de ser editor, indicalo con Ed.). *Título*. (número de edición se a houbera). *Título*. (páxinas do capítulo). Lugar da publicación: editorial.

 - Marchal Corrales, J.A., Melguizo Alonso, C., & Prados Salazar, J.C. (2000). Tratamiento de las lesiones deportivas mediante corrientes de alta frecuencia. En Ballesteros Massó, R., Gómez Barrera, E., Jumilla Carrasco, J.L., & Castro Mayor, R. *Traumatología y medicina deportiva* (vol. 2). (pp. 739-747). Almería: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Almería.
 - Budggett, R. (2005). Unexplained underperformance syndrome. En Whyte, G.P., Harries, M., & Williams, C. (Ed.). (pp. 46-49). *ABC of Sports and Exercise Medicine*. (3ª ed.). Oxford: Blackwell Publishing Ltd.
 - Ávila España, F. (1992). Higiene y precauciones para la práctica del deporte en sujetos con alteraciones ortopédicas no invalidantes durante la edad escolar. En Mora Vicente, J., Rosety Plaza, M., & Fernández Trujillo, F.J. (Coord.). (pp. 29-51) *Conferencias impartidas durante el I Curso*

de Ciencias aplicadas al deporte. Bases médicas de la actividad físico-deportiva. Cádiz: Servicio de Depotes de la Diputación Provincial de Cádiz.

- Teses non publicadas:

Esquema: Apelidos, Inicial do nome do autor. (ano de publicación). Título. Disertación doutoral non publicada, Universidade de presentación, lugar de ubicación da Universidade, país.

- Anderson, B.C. (2005). *Randomized clinical trial comparing active versus passive approaches to the treatment of recurrent and chronic low back pain*. Disertación doutoral non publicada, University of Miami, Florida, Estados Unidos.

- Recursos electrónicos (documento):

Esquema: Apelidos, Inicial do nome do autor. (data de publicación ou de revisión da páxina se está dispoñible). Título da páxina ou lugar. Extraído o (data de acceso), de (URL- dirección).

- Biolaster (2007, 30 de setembro). El entrenamiento de la musculatura inspiratoria es un tratamiento sencillo y eficaz en los casos de estridor inspiratorio del deportista. Extraído o 15 de outubro, 2007, de <http://www.biolaster.com/news/1191135722>

- Recursos electrónicos, ben como documento, ben como artigo dunha publicación periódica electrónica:

Esquema: Apelidos, Inicial do nome do autor. (data de publicación ou de revisión da páxina se está dispoñible). Título do artigo. Nome da revista. Volume (número) (-o volume e o número da revista se os ten-) Extraído o (data de acceso), de (URL- dirección).

- Betz, S.R. (2005, Abril). Modifying Pilates for clients. *IDEA Fitness Journal*. Extraído o 19 de xullo, 2007, de <http://www.inneridea.com/files/Modifying%20Pilates.pdf>

No caso de presentar un traballo no que se empregou algún documento (por exemplo, unha enquisa), terá que engadirse un **anexo**, o que irá nun derradeiro apartado do traballo e en folia aparte.

Débase **paxinar o traballo**, agás a primeira páxina.

Tal e como se indica a Guía Docente da materia, os responsables de cada traballo deberá entregar un **breve resumo** do traballo aos/ás compañeir@s e ao profesor o día da exposición do mesmo.

En caso de querer maiores explicacións sobre o estilo de citación e de cómo referenciar a bibliografía segundo o modelo da APA, podedes entrar nas seguintes páxinas web:

- <http://owl.english.purdue.edu/owl/resource/560/01/> (en inglés).
- http://www.fcom-udep.net/textos/titulacion/Guia_citasbiblio.pdf (en español).
- <http://www.slideshare.net/ucbwebmaster/cmo-preparar-una-bibliografa-utilizando-el-manual-de-estilo-de-la-american-psychological-association-apa/> (en español).
- <http://e-formadores.redescolar.ilce.edu.mx/revista/apa.htm> (en español).
- http://www.itesm.mx/va/FEV/dudas/dudas_apa.htm (en español).